

## Adaptación dos Criterios de Selección para formar parte da Selección Galega no Campionato de España de MTBO (CEMTBO 2022)

Dende a Dirección Técnica, en coordinación coa Vogalía de MTBO, acordamos modificar o recollido no Proxecto Deportivo de MTBO 2022, que quedará actualizado e redactado do seguinte xeito no que respecta aos criterios de Selección para formar parte da Selección Galega para representar a **Galicia no Campionato de España por Comunidades Autónomas no marco do CEMTBO 2022**.

### [Novos] Criterios de selección:

- **Ranking** das Ligas Galegas MTBO 2020 e 2021.
- **1º** Proba distancia MEDIA da Liga Galega MTBO 2022 do 19 de marzo (Pontillón de Castro). *Esta data, aínda que está aprobada oficialmente, non aparece actualizada no calendario oficial FEGADO.*
- **2º** Proba distancia MEDIA da Liga Galega MTBO, Liga Española e Campionato Ibérico 2022 do 7 de maio (Ordes).
- **3º** Proba distancia SPRINT da Liga Galega MTBO, Liga Española e Campionato Ibérico 2022 do 7 de maio (Ordes).
- **4º** Proba distancia LONGA da Liga Galega MTBO, Liga Española e Campionato Ibérico 2022 do 8 de maio (Ordes).
- **5º** Proba da Liga galega MTBO 2022 e Campionato galego de media 14 de maio (Xiabre-Caldas)
- **Outros.** Ranking e participación en carreiras a nivel nacional e/ou internacional.
- **Criterio opcional.** Probas da Liga Española (LE) do 23 e 24 en Cedillo, Herrera de Alcántara e Montalvo (Extremadura). Será un criterio opcional a ter en conta para os que non puideran participar nalgunha das probas anteriores.
- **Decisión Técnica (DT).** Decisión da Dirección Técnica da FEGADO, previo informe da Vogalía de MTBO.

**Sobre a conducta individual e colectiva.** Terase en conta a actitude de grupo e creación de bo clima en canto a relación entre os distintos membros da selección.

**Sobre a equipación.** Aqueles seleccionados/as que non posúan maillot da FEGADO, entregaráselles un para participar nos campionatos e que os represente como parte da selección galega de orientación.

**Sobre os/as preseleccionados/as:** respéctase a lista de preseleccionados/as publicada no evento “1ª Convocatoria Selección Gallega 2022” o 30 de xaneiro de 2022.

**Sobre o número de prazas.** A Selección Galega a formarán 32 deportistas de entre os/as inscritos/as ao CEMTBO 2022.

24 deportistas serán designados en base aos criterios de selección anteriormente citados, coa posibilidade de descartar unha (1) das probas.

En caso de empate, serán elixidos segundo criterio da Dirección Técnica, previo informe da Vogalía de MTBO.

O reparto dos/as 32 deportistas (16 masculinos e 16 femininas) seleccionados/as será, na medida do posible, o seguinte:

+ 3 cadetes/xuvenís masculinos (M-15 e/ou M-17): 2 por resultado +1 por decisión técnica.

+ 3 cadetes/xuvenís femininos (F-15 e/ou F-17): 2 por resultado +1 por decisión técnica.

+ 3 júniors masculinos (M-20) por resultado.

+ 3 júniors femininos (F-20) por resultado

+ 4 séniores masculinos (M-E) por resultado.

+ 4 sénioras femininos (F-E) por resultado.

+ 3 veteranos masculinos: os que obteñan a mellor puntuacións en M40, M50 ou M60.

+ 3 veteranas femininas: as que obteñan a mellor puntuación en M40, F50 ou F60.

+ 6 deportistas máis a criterio de la Dirección Técnica.

A Dirección Técnica, previo informe da Vogalía de MTBO, terá a liberdade de poder engadir máis seleccionados/as por categoría, ou ben deixar vacantes as prazas naquelas categorías que non queden cubertas.

**Sobre os/as posibles reservas:** Galicia poderá inscribir ata 3 deportistas máis por sexo e categoría, que serán os/as reservas, suplentes previstos para os posibles trocos, debidamente xustificadas, no momento da acreditación.



**Jorge Piñeiro Portela**  
*DIRECTOR TÉCNICO DA FEDERACIÓN GALEGA DE ORIENTACIÓN*  
[fegado.direcciontecnica@gmail.com](mailto:fegado.direcciontecnica@gmail.com)